



Concello de Monterroso

Decreto.- Monterroso, 12 de xuño de 2018

Vistas as bases aprobadas por XGL de data 30 de maio de 2018 para a selección de 02 peóns de mantemento e limpeza viaria e instalacións municipais, persoal laboral temporal, contratación subvencionada con cargo a axuda outorgada pola consellería de economía, emprego e industria, ao abeiro da orde do 12 de decembro de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia (RISGA)

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar a lista provisional de aspirantes enviados pola Oficina de Emprego de Chantada até a aportación da documentación segundo os requisitos establecidos nas bases da convocatoria :

Nome e apelidos

SOFÍA GÓMEZ BUJÁN
MARIA INMACULADA GOMEZ FERNANDEZ
M^a CARMEN GONZÁLEZ PÉREZ
NOÉ JIMÉNEZ JIMÉNEZ

SEGUNDO.- Aprobar a designación do grupo mixto segundo o establecido no art. 12.c) da Orde do 12 de decembro de 2017 para a selección dos traballadores que se contraten ao abeiro da devandita orde:

O grupo mixto actuante como tribunal cualificador estará constituído por:

- Presidente/a: Pilar Fernández Moure, Traballadora Social do Concello de Monterroso. Suplente: M^a Dolores Rodríguez Gómez, Traballadora Social do Concello de Taboada.
- Secretario/a: María del Pilar Darriba Muñoz, Secretaria-Interventora do Concello de Monterroso. Suplente: Sagrario López Moure, persoal laboral fixo do Concello de Monterroso.
- Vogais:

Gabriel Núñez Chao, T.S. da Oficina de Emprego de Chantada como representante da Consellería de Economía, Emprego e Industria; Suplente: Cristina Fernández Rodríguez, T.S. da Oficina de Emprego de Chantada como representante da Consellería de Economía, Emprego e Industria;

Leticia Fernández Gavino, Suplente: Carmen Cruces Artero e Juan Carlos Pérez Portas.

José Luis Mato Vázquez, funcionario do Concello de Monterroso. Suplente: Salomé Santalla Carbajal, persoal laboral do Concello de Monterroso.

A abstención e recusación dos membros do tribunal será de conformidade cos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.

O tribunal non poderá constituírse, nin actuar sen a presenza, cando menos, de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso requírese a asistencia do/a presidente/a e do/a secretario/a ou dos que legalmente os substitúan.

O tribunal poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas para os supostos en que así o estimen necesario ou conveniente. Os ditos asesores, actuarán con voz e sen voto limitándose ao exercicio das especialidades técnicas en base ás cales colaboran no respectivo tribunal.

O tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes, todas as dúbidas e propostas que se produzan para a aplicación das normas contidas nas bases, e estará



Concello de Monterroso

facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a valoración dos méritos.

TERCEIRO.- Citar aos membros do tribunal cualificador para a súa constitución, o día 21 de xuño de 2018 ás 09:45 horas, no salón de plenos da Casa do Concello.

CUARTO.- Citar aos membros do tribunal cualificador e aos aspirantes admitidos para a realización das probas o día **21 de xuño de 2018**, ás 10:00 h, no salón de Plenos da Casa do Concello. Todos os aspirantes deberán ir provistos do DNI en vigor e da documentación establecida nas bases.

QUINTO.- Publicar o presente decreto no taboleiro de anuncios e na web www.monterroso.es. Mándao e asíno o señor alcalde, do que eu, secretaria, dou fe.

O alcalde

A secretaria-Interventora

Miguel Rico Gómez

María del Pilar Darriba Muñoz